

## NORMAS DE USO PARA OS LOCAIS DE ENSAIO PARA A MOCIDADE DE OLEIROS

### **Artigo I. Obxecto**

As presentes normas teñen como obxecto establecer as condicións de uso das instalacións e do material dos Locais Municipais de Ensaio para a Mocidade de Oleiros.

A Oficina Municipal de Información Xuvenil (en adiante OMIX) do Concello de Oleiros pon a disposición dos grupos musicais do concello, un equipamento municipal ubicado no Centro Social de Rialta, co obxecto de:

- Fomentar a práctica musical dos mozos e mozas de Oleiros dotándoos de recursos materiais para poder ensaiar.
- Crear un espazo de encontro da mocidade para o intercambio de experiencias musicais.
- Organizar eventos que sirvan para fortalecer entre a mocidade a conciencia de seu, e difundir entre a cidadanía os aspectos positivos da cultura musical da xente nova.
- Promover un ocio xuvenil máis creativo e menos consumista, ampliando a oferta de actividades e facilitando o seu acceso á mocidade.

### **Artigo II. Locais e materiais**

#### Situación :

Centro Social Rialta, rúa do Moucho. CP 15176 - Dorneda - Oleiros.

#### Espazo :

Un local cunha sala diáfana, un cuarto pequeno habilitado con despacho e dous aseos con chave.

Teléfono: 981 636 598 (dpto. Xuventude).

Correo electrónico: [c.xuventude@oleiros.org](mailto:c.xuventude@oleiros.org)

Páxina web: [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

### **Artigo III. Horarios**

Con carácter xeral, os horarios son os descritos a continuación, os cales serán revisados e actualizados periodicamente.

- De luns a domingo de 10 a 21 horas.

### **Artigo IV. Presentación de solicitudes**

Poderán presentar solicitudes para o uso do citado local, aqueles mozos e mozas empadroados neste Concello que como solistas ou en representación dun grupo musical precisen dun local para realizar os seus ensaios.

A solicitude farase cunha instancia formalizada que poden solicitar por correo electrónico a [c.xuventude@oleiros.org](mailto:c.xuventude@oleiros.org) ou recoller na OMIX, e que poderá presentar a través da Sede electrónica do Concello de Oleiros ou no rexistro municipal do Centro Cultural A Fábrica, na Rúa do Inglés nº 13, Perillo – Oleiros, en horario de 8.30 a 14 horas (ata as 13.30 nos meses de xullo e agosto). Esta solicitude deberá ir acompañada das copias do DNI do solicitante e das persoas que integren o grupo, e no caso de menores da autorización dos seus proxenitores ou titor legal.

O feito de presentar a solicitude, supón o coñecemento e aceptación das normas do uso do local de ensaio.

De forma xeral a presentación destas solicitudes realizarase do 1 ao 30 de xuño, e terán validez unha vez sexan asignados os horarios no mes de setembro. No caso de haber horario dispoñible no local, as solicitudes admitiranse durante todo o ano.

Unha vez realizadas as solicitudes, levarase a cabo a adxudicación dos horarios atendendo aos criterios de valoración establecidos no apartado seguinte.

Na primeira quincena de agosto, notificarase aos solicitantes o horario adxudicado e este comezará a rexir a partir do 1 de setembro dese ano.

#### **Artigo V. Valoración das solicitudes e criterios de autorización de uso**

1. O equipamento acollerá preferentemente aos grupos con membros ou solistas empadroados no Concello de Oleiros.
2. Terán preferencia aquelas solicitudes con integrantes con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos.
3. Periodicamente revisaranse os horarios e, caso de ser necesario, reestruturarase o calendario en función de novas solicitudes e dos horarios dispoñibles.
4. A OMIX entregará ao solicitante ou ao seu representante (no caso de menores) unha copia da autorización do uso das instalacións indicadas, indicando o día e hora na que se ten autorizado o uso do local.

No caso dos menores de idade deberán aportar autorización expresa dos seus responsables legais para acudir ao local de ensaio no horario adxudicado.

#### **Artigo VI. Criterios de adxudicación de horarios**

1. Terán preferencia as formacións musicais sobre os solistas.

##### **A)-Integrantes do grupo empadroados :**

100% de integrantes empadroados .....	4 ptos.
Ata o 75% de integrantes empadroados .....	3 ptos.
Ata o 50% de integrantes empadroados .....	2 ptos.
Ata o 25% de integrantes empadroados .....	1 pto.
Ata o 10 % de integrantes empadroados.....	0,50 ptos.

B)- Idade dos integrantes :

100% de integrantes entre 14 e 30 anos..... 4 ptos.

75% de integrantes entre 14 e 30 anos..... 3 ptos.

50% de integrantes entre 14 e 30 anos..... 2 ptos.

25% de integrantes entre 14 e 30 anos..... 1 pto.

2. Solistas empadroados

a. Terán preferencia os solistas de 14 a 30 anos.

b. En caso dun eventual empate a puntos nas solicitudes, valorarase a solicitude que fora rexistrada primeiro, e se persistira o empate procederase a sortear a preferencia.

c. En caso de quedar horarios libres poderán ser asignados a formacións ou solistas non empadroados que poderían estar suxeitos a aboar un prezo público correspondente e pendente de determinar.

**Artigo VII. Procedemento para o acceso ás instalacións**

1. A primeira visita ás instalacións será realizada coa supervisión do persoal designado pola OMIX co obxecto de facilitar o acceso ao espazo e a correspondente presentación do responsable do grupo ao persoal municipal designado.

2. Para ter acceso ás instalacións no horario establecido, a persoa representante do grupo accederá ao caxetín da entrada, coa clave que se lle facilitará, para coller a chave.

3. O responsable do grupo asinará o parte de asistencia que estará sempre dispoñible nas instalacións, indicando os datos que se lle pidan no mesmo.

4. Antes do inicio de cada sesión de ensaio comprobarase o estado do local e do material, notificando calquera dano ou incidencia ao responsable municipal designado pola OMIX á maior brevidade posible, deixando constancia escrita das incidencias no parte que estará a disposición no propio local. Farase o mesmo que calquera incidencia xurdida durante o ensaio. Estas comunicacións deberán facerse preferentemente ao correo [c.xuventude@oleiros.org](mailto:c.xuventude@oleiros.org).

5. Cada solicitante é responsable da limpeza básica das instalacións que se lle autorice a usar, debendo deixar o local nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada, deixando desconectados todos os elementos conectados á rede eléctrica.
6. Os grupos durante o seu tempo de ensaio deben preocuparse de velar por todo o material do local, ao mesmo que deben deixalo recollido e en condicións de uso para os seguintes grupos.
7. Ao saír, o responsable do grupo deixará a chave do local no caxetín da entrada a disposición do seguinte grupo que entre.
8. O Concello faise cargo da limpeza das instalacións e do servizo de mantemento técnico dos materiais municipais.

### Artigo VIII. Obrigas do/a solicitante

O/A solicitante ten as seguintes **obrigas**:

1. Acudir ao local de ensaio o día e hora na que se lle autorizou:
2. Respetar os horarios: os usuarios que cheguen media hora máis tarde da hora asignada poden perder o dereito de acceso á instalación. Abandonar o local á hora determinada na autorización, a demora reiterada na hora de saída pode provocar a perda de dereito de acceso á instalación.
3. Todos os grupos teñen a obriga de asinar o parte de asistencia que estará sempre dispoñible nas instalacións.
4. En caso da non utilización do local en catro sesións consecutivas ou en seis trimestrais, sen xustificación, procederase á baixa automática do uso deste equipamento.
5. Só poderán acceder ás instalacións as persoas autorizadas e os membros do grupo.

**Boas prácticas** no uso das instalacións e do material:

- a. Cada representante do grupo asume a responsabilidade de comunicarlle ao persoal municipal designado, todas aquelas deficiencias que considere de interese respecto do estado da sala, limpeza, materiais, etc., para o que se facilitará un parte de incidencias.
- b. Non está permitido trasladar material fóra da sala.

c. Unha vez rematado o ensaio, o local e o material debe quedar recollido para o seu uso polo seguinte grupo. Prégase que se extreme o coidado na manipulación do material e do canleado, quedando todo desconectado da rede eléctrica.

d. No caso de producirse danos por negligencia ou mala fe, o grupo de que se trate a través do seu representante deberá repoñer integramente o danado, ou aboar o importe íntegro da súa reposición.

Para a valoración deste suposto a OMIX designará o persoal que fará a valoración e informe sobre a incidencia.

### 3. **Limpeza** básica das instalacións:

a. Debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada.

b. Non se permite fumar, comer, consumir de bebidas alcohólicas ou sustancias ilegais nos espazos habilitados para o ensaio.

4. Asistir ás xuntanzas de coordinación e de seguimento que se convoquen dende a OMIX, así como ás diferentes accións formativas que con carácter obrigatorio se programen.

5. Facilitar a OMIX toda aquela información sobre o grupo, traballo realizado e calquera outro datos de interese. Esta información poderá ser utilizada na difusión deste equipamento municipal.

### **Artigo IX. Incumprimentos e comisión consultiva**

O incumprimento das obrigas establecidas neste regulamento darán lugar á perda do dereito ao uso e desfrute das instalacións e dos materiais indicados . Sen prexuízo das responsabilidades a que dea lugar a normativa vixente.

A OMIX prevé a constitución dunha comisión consultiva que axude a regular e desenvolver aspectos relacionados coa xestión dos locais de ensaio municipais e as diferentes propostas en relación coa actividade destes, que estará constituída polo Alcalde ou persoa en que este delegue, un representante de cada grupo e dous representantes municipais nomeados pola OMIX, que se reunirán periodicamente a

instancias do Concello, ou a petición dun 20% dos representantes das formacións musicais con horario asignado.

### **Artigo X. Outras consideracións**

1. OMIX. poderá deseñar diferentes accións formativas que incidan na mellora do uso das instalacións, instrumentos e recursos técnicos cos que conta os locais. Neste caso, cada grupo terá o compromiso de designar a un representante que participará nestas accións formativas, se fose o caso.

2. Este equipamento poderá acoller aquelas iniciativas (audicións, presentacións de traballos, gravacións, encontros...) que se acorden oportunamente e sempre previa autorización correspondente da OMIX.

3. O Concello de Oleiros poderá realizar fotografías ou gravacións dos ensaios dentro do local, co fin de supervisar o correcto funcionamento do servizo, utilízalas para memorias técnicas ou difusión de actividades e similares.

4. O Concello de Oleiros resérvase a facultade de establecer outras normas adicionais para facilitar a consecución dos seus obxectivos, se o estimara oportuno.

5. De acordo coa normativa vixente, lémbrese que está prohibido fumar, comer ou beber dentro das instalacións municipais, ou consumir calquera tipo de substancia ilegal ou nociva para os usuarios.

### **Artigo XI. Incumprimentos**

O incumprimento de algunha das condicións aquí descrita poderá ser sancionado coa expulsión dos locais e a prohibición de uso dos mesmos, así como de requirirse o importe económico correspondente, no caso de danos ou desaparición do material.